

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA PERSOAS PROCEDENTES DE ZONAS EN CONFLITO PARA O CURSO ACADÉMICO 2025-2026

O 7 de setembro de 2015, as Universidades españolas, no seo da Asemblea Xeral da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), acordaron facilitar a recepción e acollida de estudantado universitario refuxiado en forma de colaboración directa ou a través de accións de voluntariado ou de cooperación con outras administracións e axentes. Esta declaración de interese complementouse coas recomendacións emanadas da reunión do Comité Permanente da CRUE, celebrada o 9 de setembro de 2015, entre as que se inclúen como posibles actuacións a acollida en residencias universitarias, a prestación de apoio á integración do estudantado refuxiado mediante asesoramento legal, psicolóxico ou sanitario e o acceso ou a continuación de estudos superiores, situando aos países en conflito como prioridade en materia de cooperación universitaria.

No curso 2016-2017, a Vicerreitoría con competencias en materia de Internacionalización da Universidade de Santiago de Compostela (USC) asumiu o compromiso acadado polas Universidades españolas mediante a primeira convocatoria do *Programa de axudas para persoas refuxiadas*, ofertando dúas prazas para a continuación na USC de estudos de grao, mestrado ou doutoramento. Dende entón, a USC convocou anualmente este programa de axudas de xeito ininterrompido. Para o curso académico 2022-2023, coa estreita colaboración do seu Consello Social, a USC incrementou de xeito significativo o número de axudas (un total de 10) e ampliou o alcance do programa a estudantes con estatuto de protección temporal ou procedentes de países en conflito ou situados en áreas de conflito, dada a situación de guerra existente en Ucraína dende febreiro de 2022. Na convocatoria para ese curso estableceuse unha cota de 6 axudas para estudantes procedentes de universidades ucráínas. Para o curso académico 2024-2025, á vista da grave situación existente en territorio palestino e en atención aos acordos acadados polo Claustro (30 de novembro de 2023) e polo Consello de Goberno da USC (10 de xuño de 2024), o número de axudas incrementouse a 12, co establecemento dunha cota específica de 5 axudas para estudantado procedente de Palestina e doutra cota de 4 axudas para estudantado ucráino. Por último, na súa sesión do 4 de decembro de 2024, o Claustro acordou o establecemento dunha nova cota específica para estudantado procedente do Líbano (1 axuda).

Neste contexto, a USC, a través da súa Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, publica a convocatoria de axudas para persoas procedentes de zonas en conflito para o curso académico 2025-2026, de acordo coas seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA. OBXECTO DAS AXUDAS

O obxecto da presente convocatoria é ofrecer **12 axudas** para a realización de estudos oficiais de grao, mestrado ou doutoramento na USC a persoas que cumpran os requisitos mencionados na base segunda. Establécese unha cota de 5 axudas para solicitantes procedentes de Palestina, 4

para solicitantes procedentes de Ucraína e 1 para solicitantes procedentes do Líbano. As axudas das cotas para Palestina, Ucraína e Líbano que non sexan adxudicadas pasarán á cota xeral.

SEGUNDA. REQUISITOS DAS PERSOAS DESTINATARIAS DAS AXUDAS

Poderán ser beneficiarias das axudas as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ser orixinario/a dun país de fóra da Unión Europea e non posuír dobre nacionalidade con algún país membro.
- b) Cumprir calquera dos seguintes supostos: (i) posuír o estatuto de refuxiado/a en España, conforme a Lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do Dereito de Asilo e da Protección Subsidiaria ou telo solicitado antes do remate do prazo da presente convocatoria; (ii) posuír o estatuto de protección temporal en España; (iii) posuír acreditación da condición de refuxiado/a por parte da Axencia da ONU para os Refuxiados (ACNUR) ou da Axencia da ONU para os Refuxiados de Palestina (UNRWA); (iv) acreditar a procedencia de zonas en conflito.
- c) Estar matriculado/a ou en condicións de formalizar matrícula no curso 2025-2026 en calquera dos programas de estudos oficiais da USC a nivel de grao, mestrado ou doutoramento. A adxudicación final da axuda quedará condicionada á efectiva admisión por parte da USC da persoa solicitante seguindo as canles regulamentarias establecidas para tal efecto.
- d) No caso de estudantado de grao e mestrado, posuír coñecementos da(s) lingua(s) de impartición da docencia da titulación correspondente, de conformidade co establecido no Acordo de Consello de Goberno de 28 de febreiro de 2019 e as súas posteriores modificacións.
- e) No caso de estudantado de doutoramento, posuír coñecementos lingüísticos suficientes que lle permitan desenvolver de xeito satisfactorio a súa actividade de formación predoutoral.

TERCEIRA. DURACIÓN E CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas terán unha duración máxima de 12 meses consecutivos (dende o 1 de setembro de 2025 ata o 31 de agosto de 2026), sempre que se manteñan as condicións que deron lugar á concesión da axuda. As axudas incluírán a cobertura dos seguintes conceptos:

- a) Matrícula no curso académico 2025-2026 nunha titulación oficial de grao, mestrado ou doutoramento. No caso de que dita matrícula xa se tivera efectuado con anterioridade á concesión da axuda, reembolsaráselle á persoa beneficiaria o importe da mesma, previa presentación da documentación que acredite o seu pago.

- b) Unha praza de aloxamento no Servizo Universitario de Residencias da USC. A renuncia a esta praza non outorga o dereito a recibir unha contraprestación económica equivalente.
- c) Dotación de 400€ mensuais para gastos de manutención. O pago desta contía será efectuado mensualmente polo procedemento previsto na normativa da USC.
- d) Matrícula en dous cursos semestrais de español ou galego no Centro de Linguas Modernas da USC.

CUARTA. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA, PRAZO E PROCEDEMENTO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A convocatoria publicarase no Taboleiro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>).

As solicitudes presentaranse a través do formulario electrónico dispoñible nesta ligazón: <https://forms.office.com/e/B2AKJtnRHk>. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Taboleiro Electrónico e rematará o día 7 de xullo de 2025 ás 23:59 horas (hora galega).

A documentación relacionada na base quinta achegarase á Oficina de Proxección Internacional a través do enderezo electrónico study.abroad@usc.gal.

As consultas sobre a convocatoria ou a presentación de solicitudes dirixiranse á Oficina de Proxección Internacional por correo electrónico (study.abroad@usc.gal).

Os actos derivados da presente convocatoria publicaranse no Taboleiro Electrónico da USC.

QUINTA. DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deben vir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Copia do documento de identificación da persoa solicitante (tarxeta de identidade, pasaporte etc.).
- b) Copia da documentación que acredite calquera dos seguintes supostos: (i) concesión do estatuto de refuxiado/a en España; (ii) solicitude do estatuto de refuxiado/a en España antes do remate do prazo da convocatoria; (iii) concesión do estatuto de protección temporal en España; (iv) condición de refuxiado/a por parte de ACNUR ou da UNRWA; (v) procedencia de zonas en conflito.
- c) Certificación académica dos estudos realizados con anterioridade ao curso 2025-2026. Cando se trate de documentos expedidos nunha lingua estranxeira, a certificación deberá

acompañarse da correspondente tradución ao galego, español ou inglés. O estudantado de mestrado e doutoramento deberá aportar a declaración de equivalencia de cualificación media que se pode obter a través da páxina [web do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades](http://web.do.Ministerio.de.Ciencia.Innovación.e.Universidades):

https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias

- d) Acreditación do nivel de coñecementos lingüísticos referidos na base segunda, apartados d), e).
- e) Carta de presentación e motivación (en galego, español ou inglés; extensión máxima: 1.000 palabras; formato libre).
- f) As persoas solicitantes da axuda para estudos de doutoramento que xa estean matriculadas nun programa da USC deberán presentar, así mesmo, un informe da persoa que exerce as funcións de titorización e/ou dirección. Nese informe (extensión máxima: 500 palabras) incluírase unha descrición do progreso do plan de investigación ata o momento de presentación da solicitude.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización publicará na Sede Electrónica da USC a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas. As persoas aspirantes excluídas poderán xustificar o seu dereito a ser admitidas no prazo de cinco (5) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe provisoria, quedando excluídas definitivamente de non facelo.

A responsabilidade do tratamento dos datos persoais recollidos na solicitude correspóndelle á USC, diante da que se exercitarán os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición ou portabilidade dos datos.

SEXTA. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A selección das persoas destinatarias das axudas realizarase por unha comisión conformada polos seguintes membros:

- a) A vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, ou persoa en quen delegue, que presidirá a comisión.
- b) A vicerreitora de Estudantes e Cultura, ou persoa en quen delegue.
- c) A presidenta do Consello Social da USC, ou persoa en quen delegue.
- d) A adxunta para Internacionalización da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización.
- e) Un membro do persoal da Oficina de Proxección Internacional, que actuará como secretario/a da comisión.

A comisión de selección poderá recorrer, de ser o caso, ao asesoramento de membros do persoal docente e investigador a cargo da coordinación de programas de grao, mestrado e doutoramento.

O funcionamento da comisión de selección axustarase ao disposto nas normas contidas para estes efectos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

SÉTIMA. CRITERIOS E PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A comisión de selección procederá a avaliar as solicitudes admitidas en base ao seguinte baremo, no que se establece un máximo de 100 puntos:

- Estatuto de refuxiado/a en España (concedido ou en trámite no momento de presentar a solicitude para esta convocatoria), estatuto de protección temporal en España ou estatuto de refuxiado/a por parte de ACNUR ou da UNRWA: 10 puntos.
- Ter sido beneficiario/a do programa con anterioridade: ata 25 puntos, segundo a seguinte táboa:

MESES COMO BENEFICIARIO/A DA AXUDA	PUNTOS
0	25
1 a 3	22
4 a 6	19
7 a 9	16
10 a 12	13
13 a 15	10
16 a 18	7
19 a 21	5
22 ou máis	3

- Media do expediente académico: ata 30 puntos.
- Carta de presentación e motivación: ata 30 puntos. No caso de solicitantes matriculados/as nun programa de doutoramento da USC no curso 2024-2025, a puntuación máxima da carta de presentación e motivación será de 20 puntos; o informe da persoa que exerce as funcións de titorización e/ou dirección da persoa solicitante será valorado cunha puntuación de ata 10 puntos.
- Coñecementos lingüísticos superiores aos requiridos para participar na convocatoria: ata 5 puntos.

No caso de ser preciso, a comisión de selección poderá requirir ás persoas solicitantes que acheguen calquera outra documentación necesaria e aclaratoria para o outorgamento das axudas.

Efectuada a valoración das solicitudes por parte da comisión de selección, publicarase a listaxe provisoria das axudas concedidas, denegadas e, de ser o caso, unha listaxe de agarda para cubrir

as renuncias que se poidan producir. No prazo de cinco (5) días naturais dende o día seguinte ao da publicación da citada resolución poderanse presentar alegacións á devandita listaxe provisoria, dirixidas á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización a través do enderezo electrónico study.abroad@usc.gal. Unha vez analizadas por parte da comisión de selección as alegacións presentadas, procederase a publicar a resolución definitiva de solicitudes concedidas, denegadas e, de ser o caso, a listaxe de agarda.

OITAVA. ACEPTACIÓN E RENUNCIA Á CONCESIÓN DAS AXUDAS

As persoas seleccionadas disporán dun prazo máximo de cinco (5) días naturais dende o día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva, para aceptar ou renunciar á axuda, cumprimentando o formulario que se lles proporcionará dende a Oficina de Proxección Internacional para estes efectos.

As renuncias darán lugar á concesión da axuda á seguinte persoa da listaxe de agarda. A listaxe de agarda terá unha vixencia máxima dun (1) mes dende a publicación da resolución definitiva da convocatoria, agás para o estudantado xa matriculado na USC nunha titulación oficial de grao, mestrado ou doutoramento no curso 2025-2026, que poderá incorporarse ao programa de axudas até a data límite de modificación de matrícula do segundo semestre.

As persoas seleccionadas da lista de agarda disporán dun prazo máximo de cinco (5) días naturais dende a notificación para aceptar ou renunciar á axuda. No caso de aceptar, percibirán a dotación económica para gastos de manutención dende o momento da aceptación da axuda ata o período máximo sinalado na base terceira desta convocatoria (31 de agosto de 2026). A resolución da concesión da axuda ás persoas na listaxe de agarda notificaranse a través do enderezo electrónico facilitado na solicitude.

A non presentación por parte das persoas seleccionadas da aceptación ou renuncia nos prazos indicados nesta base implicará a anulación inmediata das axudas concedidas.

NOVENA. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS AXUDAS

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a:

- a) Estar matriculadas no curso 2025-2026 nunha titulación oficial de grao, mestrado ou doutoramento na USC nos prazos establecidos e de acordo coas normas estipuladas para tal efecto. No caso das titulacións de grao e mestrado, a matrícula deberá ser dun mínimo de 60 ECTS. No caso dos programas de doutoramento, a matrícula deberá ser a tempo completo.

- b) Cumprir coas obrigas académicas que derivan da súa matrícula. No caso do estudantado de grao e mestrado, estas obrigas inclúen a asistencia a clase, a realización de todas as probas e exames das materias nas que o/a estudante está matriculado/a e a participación responsable nas demais actividades orientadas a completar a súa formación. No caso do estudantado de doutoramento, as obrigas académicas refírense ao cumprimento do plan de traballo acordado coa persoa que exerza os labores de titorización e/ou dirección da persoa solicitante dentro do seu programa de doutoramento.
- c) Residir na Comunidade Autónoma de Galicia durante todo o período de concesión da axuda. Para ausencias superiores a dez (10) días, as persoas beneficiarias das axudas deberán solicitar autorización á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización con antelación suficiente, enviando un correo electrónico ao enderezo study.abroad@usc.gal xunto coa documentación que xustifique a ausencia.
- d) Asinar, entre os días 1 e 5 de cada mes, a acta de presenza establecida para tal efecto no lugar que se determine. No caso de incumprimento ou demora inxustificada, efectuarase por correo electrónico unha única notificación á persoa beneficiaria, que perderá o dereito á axuda no caso de persistir o incumprimento.
- e) Presentar na Oficina de Proxección Internacional, con data límite de 16 de febreiro de 2026, un informe intermedio das actividades realizadas ata ese momento.
- f) Presentar na Oficina de Proxección Internacional unha memoria das actividades desenvolvidas durante o período de percepción da axuda no prazo máximo dun (1) mes dende a data de finalización da axuda. A extensión da memoria será de entre 1.000 e 2.000 palabras.

A comisión de selección sinalada na base sexta reunirse de xeito periódico para realizar o seguimento do desenvolvemento do programa e para verificar o cumprimento destas obrigas. Con este fin, a comisión solicitará das persoas encargadas da supervisión académica das persoas beneficiarias das axudas un informe intermedio e un informe final sobre o seu aproveitamento académico.

O incumprimento por parte das persoas beneficiarias das obrigas recollidas nesta base implicará a cancelación inmediata da axuda e a devolución das contías indebidamente percibidas.

DÉCIMA. INCOMPATIBILIDADES

A concesión destas axudas será incompatible con:

- a) A percepción doutras axudas concedidas por calquera institución pública ou privada para o mesmo fin.
- b) Calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada, sempre que a suma da retribución pola relación

laboral ou administrativa e a axuda de manutención referida na base terceira, apartado c) supere o salario mínimo interprofesional.

c) A prestación ou subsidio por desemprego.

DÉCIMO PRIMEIRA. REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A concesión das axudas desta convocatoria pode ser revogada polos seguintes motivos:

- a) Incumprimento das obrigas especificadas na base novena da convocatoria.
- b) Ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada.
- c) Incompatibilidade da axuda segundo a base décima da convocatoria.
- d) Non presentación da aceptación ou renuncia no prazo estipulado na base oitava para tal efecto.

DÉCIMO SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativo, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reitor,

A vicerreitora de Titulacións e Internacionalización,
(Por Delegación de Competencias, R.R. 21/04/2022, DOG do 26/04/2022)

María José López Couso

CALL FOR APPLICATIONS FOR THE GRANT PROGRAMME FOR CANDIDATES FROM CONFLICT AREAS FOR THE ACADEMIC YEAR 2025-2026

On 7 September 2015, the Spanish universities, under the umbrella of the General Meeting of the Conference of Rectors of Spanish Universities (CRUE) agreed to facilitate the reception and hosting of refugee university students in the form of direct collaboration, through volunteer programmes or the collaboration with other administrations and agents. This declaration of interest was complemented with the recommendations emanating from the meeting of the Permanent Committee of CRUE, held on 9 September 2015, which recommended hosting refugee university students in residence halls, to support their inclusion through legal, psychological and health advice and to promote their access to higher education, thus prioritizing collaboration with countries in conflict as the focus of university cooperation.

In the academic year 2016-2017 the then Vice-Rectorate for Internationalization of the University of Santiago de Compostela (USC) took over the commitment agreed by CRUE through the first USC call for the grant programme for refugees in Spain, awarding two grants (for undergraduate, master or PhD students) in order to support the continuation of their studies. Since 2016-2017 the USC has continued with this programme on a yearly basis. For the academic year 2022-2023, the USC, in close collaboration with its *Consello Social*, increased significantly the number of grants (10 grants in all) and widened the scope of the call to students who, despite lacking a refugee status, possess temporal protection status in Spain or come from countries in conflict or located in conflict areas, given the war which began in Ukraine in February 2022. The call for 2022-2023 included a quota of six grants for students coming from Ukrainian universities. For the academic year 2024-2025, due to the severe conflict situation holding in the territory of Palestine and paying attention to the agreements of the University Senate (30 November 2023) and of the Governing Board of the USC (10 June 2024), the USC increased the number of grants to twelve and fixed a quota of five grants for Palestinian students and another quota of four grants for Ukrainian students. Finally, the University Senate agreed on 4 December 2024 to fix an additional quota (one grant) for students coming from Lebanon.

In this context, the USC, through its Vice-Rectorate for Degrees and Internationalization, opens the call for the Grant Programme for Candidates from Conflict Areas for the academic year 2025-2026. The call is regulated according to the following articles:

ONE. OBJECTIVES

The aim of this call is to offer **12 grants** for undergraduate, master and PhD students who fulfil the requirements mentioned in article Two. Three specific quotas are established in this call: (i) 5 grants for applicants from Palestine, (ii) 4 grants for candidates coming from Ukraine and (iii) 1 grant for applicants from Lebanon. In case any grants from these quotas are not awarded, they will be transferred to the general quota.

TWO. REQUIREMENTS

Applicants must fulfil the following requirements:

- a) Come from a non-EU country and lack dual nationality with a member state.
- b) Produce documents certifying any of the following circumstances: (i) have refugee status in Spain according to Law 12/2009, 3 October or have applied for refugee status before the deadline of the present call; (ii) have temporal protection status in Spain; (iii) have a refugee certificate granted by the UN Refugee Agency (UNHCR) or the UN Relief and Works Agency for Palestine Refugees (UNRWA); (iv) come from a conflict area.
- c) Be registered or be in a position of registering at the USC for the academic year 2025-2026 in any of the official degrees offered by the University (undergraduate, master or PhD). The grant will be awarded on condition that the applicant is effectively admitted by the USC according to its regulations.
- d) Undergraduate and master students must have the necessary linguistic competence in the language(s) of instruction of the selected degree according to the *Consello de Goberno Agreement* dated 28 February 2019 and its later amendments.
- e) PhD students must have the necessary linguistic skills to conduct their research activities satisfactorily.

THREE. DURATION AND AMOUNT OF THE GRANTS

The grants will cover up to 12 consecutive months (from 1 September 2025 to 31 August 2026), provided that the requirements mentioned in Article Two continue to apply. The grants include the following:

- a) Free tuition in the academic year 2025-2026 in an official degree (undergraduate, master, PhD). In case the fee has already been paid by the student before the award of the grant, it will be refunded provided that official proof of payment is produced.
- b) An accommodation place at one of the University's Halls of Residence. No economic compensation will be given to beneficiaries waiving this accommodation place.
- c) 400€ monthly subsistence allowance. Payment will be made on a monthly basis according to USC regulations.
- d) Free tuition in two semester Spanish/Galician courses at the *Centro de Linguas Modernas*.

FOUR. ADVERTISING, DEADLINES AND APPLICATION PROCEDURE

The call will be published on the USC *Taboleiro Electrónico* <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>.

Applications should be submitted by completing this online form: <https://forms.office.com/e/B2AKJtnRHk>. The deadline for the submission of applications will start the day following the publication of the call on the USC *Taboleiro Electrónico* and will end on 7 July 2025 at 23:59 (CEST).

The documents required in article Five should be submitted by email to the International Engagement Office at study.abroad@usc.gal.

Questions on the conditions of the call and on the application should be directed by email to the International Engagement Office (study.abroad@usc.gal).

Any actions derived from the present call will be published on the USC *Taboleiro Electrónico*.

FIVE. DOCUMENTS REQUIRED FOR THE APPLICATION

Applicants must submit the following documents:

- a) Copy of the ID document (NIE, passport, etc.).
- b) Copy of the document certifying any of the following circumstances: (i) refugee status in Spain; (ii) application for refugee status in Spain; (iii) temporal protection status in Spain; (iv) refugee status granted by the UN Refugee Agency (UNHCR) or the UN Relief and Works Agency for Palestine Refugees (UNRWA); (v) provenance from a conflict area.
- c) Transcript of records of the degree or studies carried out before the academic year 2025-2026. Documents issued in a language different from Galician, Spanish or English should be translated into any of these languages. Master and PhD students must provide a declaration of equivalence of their average grade, which can be obtained through the website of the Spanish Ministry of Science, Innovation and Universities: https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias.
- d) Proof of linguistic competence according to the level mentioned in article Two, paragraphs d) and e).
- e) Motivation letter in Galician, Spanish or English (max. 1,000 words; free format).
- f) Applicants for the PhD grant who are already registered for a PhD Programme at the USC should submit a report from their supervisor. The report (max. 500 words) should include a short description of the student's progression in their research tasks prior to the application for the grant.

After the deadline for applications, the Vice-Rectorate for Degrees and Internationalization will publish the provisional list of eligible and non-eligible candidates. The non-eligible candidates will have five (5) days counted from the day after the publication of the provisional list to justify their right to be admitted. In case they fail to do so, they will be excluded from the call.

Responsibility for data protection corresponds to the USC, before which any rights of access, suppression, limitation, opposition or portability can be exerted.

SIX. SELECTION COMMITTEE

The selection committee will be formed by:

- The Vice-Rector for Degrees and Internationalization (or the person appointed by her), who will chair the committee.
- The Vice-Rector for Student Affairs and Culture (or the person appointed by her).
- The President of the USC *Consello Social* (or the person appointed by her).
- The Deputy Vice-Rector for Internationalization.
- A member of the technical staff of the International Engagement Office, who will act as secretary of the committee.

The selection committee will be able to request the advice of the coordinators of the undergraduate, master or PhD degrees for which the students have applied.

The selection committee will act according to the regulations derived from Law 40/2015, 1 October, of the legal Regime of Public Administrations and Common Administrative Procedures.

SEVEN. SELECTION CRITERIA AND PROCEDURE

Valid applications will be evaluated according to the following criteria, with a maximum of 100 points:

- Refugee status in Spain (both granted or in process before the deadline of the present call), temporal protection status in Spain, refugee status granted by the UN Refugee Agency (UNHCR) or the UN Relief and Works Agency for Palestine Refugees (UNRWA): 10 points.
- Beneficiary of the programme in preceding years: up to 25 points, according to the following table:

MONTHS IN THE PROGRAMME	POINTS
0	25
1 to 3	22
4 to 6	19
7 to 9	16
10 to 12	13
13 to 15	10
16 to 18	7

19 to 21	5
22 or more	3

- c) Average of academic record: up to 30 points.
- d) Motivation letter: up to 30 points. In the case of PhD applicants who were already registered for a PhD programme at the USC in the academic year 2024-2025, the maximum score for the motivation letter is 20 points; the supervisor's report will be granted up to 10 points.
- e) Linguistic competence higher than that required in the call: up to 5 points.

If necessary, the selection committee will request any other support documentation which may be useful for the assessment of the candidates.

Once the applications have been assessed, a provisional list of grantees and, if need be, a waiting list will be published. Any claims to this list will be submitted within five (5) days to the Vice-Rectorate for Degrees and Internationalization at study.abroad@usc.gal. The selection committee will study the claims and will proceed to the publication of the definitive list and, if need be, a waiting list.

EIGHT. ACCEPTANCE AND REFUSAL

The grantees will have a maximum of five (5) days from the day following the publication of the final list to accept or refuse the grant by completing the form provided by the International Engagement Office.

Refusals will result in the substitution of the resigning candidate by the following person on the waiting list. The waiting list will be open up to one (1) month after the publication of the definitive list of grantees, with the exception of students already enrolled at the USC in an undergraduate, master or PhD programme for the academic year 2025-2026, who will be able to join the grant programme any time of the academic year, until the deadline for modification of enrolment in the second semester.

The candidates selected from the waiting list will have up to five (5) days from the date of the notification to accept or refuse the grant. In case of acceptance, they will receive the subsistence allowance from the moment they accept the grant until the end of the period mentioned in article Three (31 August 2026). Candidates selected from the waiting list will be notified by email to the address provided in their application.

The grant will be immediately cancelled if the acceptance or refusal is not submitted within the deadlines.

NINE. OBLIGATIONS OF GRANTEES

Grantees have the following obligations:

- a) Register for the academic year 2025-2026 for an official degree (undergraduate, master, PhD) according to the USC deadlines and regulations. Undergraduate and master students must register for at least 60 ECTS. PhD students must register full-time for a doctoral programme.
- b) Fulfil the relevant academic requirements. Undergraduate and master students must attend classes, take all tests and exams in the modules in which they are registered and participate in any other activity aimed at completing their instruction. PhD students must carry out the work plan agreed with their supervisors in the corresponding PhD programme.
- c) Have their residence in the Autonomous Community of Galicia during the period covered by the grant. Any absence longer than ten (10) days should be approved by the Vice-Rectorate for Degrees and Internationalization. For approval, the beneficiary should send an email with the supporting documents to study.abroad@usc.gal.
- d) Sign between the 1st and the 5th of each month an attendance form in the place designed for this purpose. Should the student fail to do so, they will receive a notification via email once. The reiterated failure to sign the attendance form will lead to the cancellation of the grant.
- e) Submit to the International Engagement Office by 16 February 2026 an interim report on the activities carried out up to that date.
- f) Submit a report (between 1,000 and 2,000 words) of the activities carried out during the grant period to the International Engagement Office within a month after the finalization of the grant.

The selection committee described in article Six will meet periodically to follow up the development of the programme and to verify the compliance of the aforementioned obligations. To this end, the selection committee will request the academic supervisors of the grantees to send both an intermediate and a final report of the student's academic performance.

Non-compliance on the part of the grantee of the obligations included in this article will result in the immediate cancellation of the grant and the refund of the unduly received amounts.

TEN. INCOMPATIBILITIES

These grants are not compatible with:

- a) Any other study grants offered by any public or private institutions for the same purpose.

- b) Any paid employment or administration relation, provided that the sum of the wages and the subsistence allowance mentioned in article Three does not exceed the interprofessional minimum wage.
- c) The unemployment benefit.

ELEVEN. CANCELLATION

These grants can be cancelled if any of the following apply:

- a) Breach of the obligations mentioned in article Nine.
- b) Concealment, alteration or manipulation of the requested documentation.
- c) Incompatibility of the grant according to article Ten.
- d) Failure to submit the acceptance or refusal form within the deadline established in article Eight for that effect.

TWELVE. LEGAL FRAMEWORK

A contentious-administrative appeal may be brought up by the candidates against this Resolution, as a final administrative process, by appealing to the administrative court of Santiago de Compostela within the period of two months from the day of the reception of their application status, in accordance with articles 46 and 8.2.a of the Law of Administrative Jurisdiction, approved by Law 29/1998, 13 July.

However, the interested parties may make an administrative appeal within a month of the date of this resolution. In such cases, the candidate cannot use the aforementioned administrative appeal while there is not an express or presumptive resolution of the administrative appeal, in accordance with articles 123 and 124 of the Law 39/2015, 1 October, of the Legal Regime of Public Administrations and Common Administrative Procedure.

The Rector,
The Vice-Rector for Degrees and Internationalization
(By delegation, R.R. 21/04/2022, DOG 26/04/2022)

María José López Couso

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA JOSE LOPEZ COUSO, VICERREITORA DE TITULACIONES E INTERNACIONALIZACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 11/06/2025 11:27:30.

CSV: 7EE4-2749-4C65-83F2